

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 31 DE AGOSTO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto de sanidade mortuoria de Galicia.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística Os fogóns do Anllóns no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, por importe total dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00€).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón da aprobación da Guía para a contratación pública ecolóxica.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de dixitalización e innovación en materia de estradas de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igapé) e a Asociación de Consellos Reguladores Vitivinícolas Galegos e das Identidades Xeográficas Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia (Acruaga) en materia de promoción, formación e asesoramento dos viños de Galicia, durante o período 2023-2025, por un importe total de douscentos oitenta e un mil douscentos cincuenta euros (281.250,00 €).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade – Cogami para a realización do proxecto En-red-arte por un importe total de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual na Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades locais para programas de emerxencia social e inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión, para os anos 2023-2025, cofinanciada pola Unión Europea no marco do Programa FSE + Galicia 2021-2027, e se procede á súa convocatoria (código do procedemento BS623C). Importe total: sete millóns seiscentos catorce mil cento oitenta euros (7.614.180,00€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de vixilancia e seguridade para os centros pertencentes á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza por importe de sete millóns cincocentos setenta e dous mil cincocentos setenta e oito euros e once céntimos (7.572.578,11 €), IVE incluído, e un valor estimado de nove millóns setenta e catro mil cincocentos setenta e sete euros con oito céntimos (9.074.577,08 €).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza para os hospitais Clínico Universitario e Gil Casares, pertencentes á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, por un importe total de vinte e dous millóns catrocentos vinte e seis mil trescentos dezasete euros con vinte céntimos (22.426. 317,20 €), IVE incluído, e un valor estimado de trinta e un millóns cincocentos oito mil corenta e oito euros con noventa e sete céntimos (31.508.048,97€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde para a promoción da participación na docencia clínica do grao en medicina de profesionais das diferentes áreas sanitarias, por importe de cento cincuenta e dous mil cento setecentos catro euros con oitenta céntimos (152.704,80 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a concesión de anticipos de ata o 100%, na Resolución da Secretaría Xeral de Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras e se convoca o procedemento para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social dirixidos á promoción da igualdade entre mulleres e homes e de prevención e loita contra a violencia de xénero, con cargo á asignación tributaria do 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades, xestionado pola Secretaría Xeral da Igualdade, no ano 2023, por un importe de setecentos corenta e catro mil douscentos cincuenta euros (744.250,00€).
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual e a superar a porcentaxe en pagamentos anticipados, con respecto á Orde pola que se establecen as bases reguladoras de axudas para a realización do Programa de formación dual para persoas con discapacidade intelectual nos centros especiais de emprego (CEE) e se procede á súa convocatoria plurianual (2023 a 2026), por importe de seis millóns de euros (6.000.000 €).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio entre Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e a entidade Cáritas Federadas da provincia eclesiástica de Santiago de Compostela-Cáritas Federadas en Galicia, para o desenvolvemento dun proxecto piloto de arraigo para a formación, por un importe total de trescentos oitenta e sete mil catrocentos euros (387.400€), e a superación das porcentaxes recollidas no artigo 63.1 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia para os pagamentos anticipados.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre o estado de tramitación e declaración ambiental estratéxica do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Vigo.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre o inicio da fase de consulta ao mercado do proxecto EdugallA.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o Plan de control da vendima 2023.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O NOVO DECRETO DE SANIDADE MORTUORIA DE GALICIA

- A nova norma presta especial atención ás implicacións que o dereito á liberdade relixiosa ten respecto desta materia, e contén unha regulación expresa para aqueles enterramentos que, por motivos confesionais, teñan que realizarse en contacto coa terra
- O texto aprobado substituirá o Decreto 151/2014 e mellorará aspectos técnicos da regulación para adaptalos aos requirimentos sociais e técnicos existentes, simplificando as tramitacións administrativas e incorporando as determinacións consensuadas na Guía de sanidade mortuoria aprobada no Sistema Nacional de Saúde

O Consello da Xunta aprobou esta mañá, na súa xuntanza semanal, o novo Decreto de sanidade mortuoria de Galicia. Así, a nova normativa substituirá o Decreto 151/2014 e mellorará aspectos técnicos da regulación para adaptalos aos requirimentos sociais e técnicos existentes, simplificando as tramitacións administrativas e incorporando as determinacións da Guía consensuada aprobada polo Sistema Nacional de Saúde.

Tras recibir o visto e prace do Consello Consultivo, e dando resposta a proposición non de lei do Parlamento de Galicia do pasado 4 de abril de 2017, sobre a regulación dos enterramentos sen uso de féretro -por motivos de confesionalidade-, o Executivo galego aprobou a substitución do Decreto 151/ 2014, que até o de agora se encargaba de regular a sanidade mortuoria e a creación do censo de empresas e establecementos funerarios na Comunidade galega.

Neste senso, a nova norma presta especial atención ás implicacións que o dereito á liberdade relixiosa ten respecto desta materia, e contén unha regulación expresa para aqueles enterramentos que, por motivos confesionais, teñan que realizarse en contacto coa terra. Nesta liña, ten en conta a posibilidade de eximir do uso de ataúde, cando así se demande, e logo da conformidade da entidade titular do cemiterio en que se vaia inhumar. Xa que logo, facilitará a realización de enterramentos polos ritos musulmán ou xudeu no territorio galego, tal e como a Xunta lles trasladou aos representantes destas comunidades.

A nova regulación tamén dá resposta á necesidade de reducir o control administrativo preexistente, optando por unha intervención máis limitada, centrada naqueles aspectos exclusivamente sanitarios derivados da actividade funeraria, ao tempo que mantén plenas garantías no referido á protección da saúde pública.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O texto tamén recolle un recoñecemento competencial expreso ás administracións locais, como provedoras dos servizos públicos primarios á poboación, entre os que se inclúen os cemiterios e as actividades funerarias, e incorpora gran parte das determinacións contidas na Guía de consenso de sanidade mortuoria, aprobada pola Comisión de Saúde Pública do Sistema Nacional de Saúde.

Respecto das medidas consensuadas co conxunto de representantes das comunidades autónomas e co Ministerio de Sanidade, cómpre destacar a modificación dos tempos mínimos exixidos desde o falecemento para poder realizar prácticas sanitarias sobre o cadáver, así como a redución a 12 horas do prazo mínimo para poder dar o destino final a un cadáver sempre que dispoña da correspondente licenza de enterramento.

Así mesmo, recolle o acordado na Guía de sanidade mortuoria sobre a nova clasificación dos cadáveres en función do seu risco sanitario pola causa de defunción; as condicións xerais sobre o uso de féretros e bolsas funerarias; o traslado e exhumación de cadáveres, restos humanos, restos cadavéricos e restos óseos aos fornos crematorios, así como a creación dun censo de prestadores de servizos funerarios.

As principais novidades da nova regulación galega complétanse, por unha banda, co establecemento dun procedemento de regularización de cemiterios preexistentes, co obxectivo de facilitar a legalización daqueles que no día de hoxe aínda non cumpriron os trámites administrativos exixidos pola normativa sectorial de aplicación e, pola outra, cun procedemento para o enterramento en lugares especiais, eliminando a autorización sanitaria para aqueles xa existentes, e, no caso dos de nova construción, atribúese aos concellos a competencia necesaria para a concesión das oportunas licenzas.

Regulación de crematorios e censo de empresas funerarias

Outro aspecto importante é a regulación dos crematorios, cuxa instalación se prevé preferentemente en solos de uso industrial, de conformidade coas normas municipais da planificación urbanística, nun edificio independente e exclusivo para servizos funerarios e actividades complementarias que sirvan para a mellor prestación do servizo. Establécese un raio de 200 metros contados dende o foco da emisión que constitúe a cheminea do crematorio, no cal non deberá haber zonas residenciais, residencias da terceira idade, centros sanitarios, centros educativos, parques infantís, instalacións deportivas ou outros edificios ou instalacións con características similares.

Ademais do sinalado, introdúcese por primeira vez a creación dun Censo de empresas e establecementos funerarios de Galicia, en que se inscribirán, mediante declaración

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

responsable, as empresas funerarias, tanatorios, velorios e crematorios que teñan a razón social na Comunidade galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA O CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN DE SUSTENTABILIDADE “OS FOGONS DE ANLLÓNS”

- O proxecto, no marco do Plan nacional de turismo enogastronómica, conta con orzamento de preto de 1,5 millóns de euros e inclúe unha rede de miradoiros no río Anllóns, a implantación e prácticas de economía circular para o sector turístico e a recuperación de praias fluviaais
- Tamén engloba un proxecto de códigos QR gastronomía do Anllóns, embelecemento de restaurantes e a creación do centro experiencial de gastronomía local nos mercados
- O proxecto está incluído no marco do Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia, dotado con 34,5M€

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Deputación da Coruña para a execución do Plan de sustentabilidade turística *Os Fogóns do Anllóns*, dos concellos de Carballo, Coristanco, A Laracha, Ponteceso e Cabana de Bergantiños, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Dotado con 1,5 millóns de euros de orzamento, o PSTD foi incluído no Plan territorial de enogastronomía de Galicia aprobado o ano pasado; é un dos dous proxectos que foron engadidos ao Plan territorial da Xunta ao abeiro do Plan nacional de turismo, incrementando os orzamentos destinados a Galicia para estes proxectos ata os 34,5M€ que se executarán ata 2025.

O PSTD inclúe actuacións como a recuperación da barreira do río Anllóns para mellorar as condicións do marisqueo, unha rede de miradoiros no río Anllóns e a eliminación de flora invasora no leito do río; a implantación e prácticas de economía circular para o sector turístico; a recuperación de praias fluviaais (Gabenlle na Laracha e Verdes en Coristanco, entre outras), aparcadoiros disuasorios en espazos próximos ao río Anllóns, ampliación do proxecto cicloturístico na senda do río Anllóns; sendeiros do Anllóns con especial atención aos muíños existentes no sendeiro,.

Tamén engloba un proxecto de realidade aumentada e códigos QR gastronomía do Anllóns, monitorización mediante sensorización para xestión de alertas temperás de inundacións e medición de calidade da auga, *As cociñas do Anllóns 365*. Receitario, web, app, redes, creación de contidos, embelecemento de restaurantes (apoios a establecementos para a mellora das instalacións, mobiliarios e utensilios). A creación do centro experiencial de gastronomía local nos mercados, formación e capacitación do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sector (produtores autóctonos, recursos e atractivos do destino, técnicas de innovación, xestión, etc), e a creación de produtos turísticos paquetizables vinculados coa gastronomía (mariscadoras, panadeiros, conservas e produtores agrícolas, entre outros).

Plan territorial enogastronomía

O Plan territorial de sustentabilidade turística de enogastronomía de Galicia ten como obxectivo a promoción de Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel e a posta en marcha de actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia. Está dotado dun orzamento de 34,5 millóns de euros e está estruturado arredor de 3 actuacións de cohesión en destino (ACD), cun investimento de 14,9 millóns de euros e 11 plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD), impulsados por entidades locais, que recibirán un total de 17 millóns de euros aos que se suman os dous PSTD aprobados no marco do Plan nacional de enogastronomía, cun orzamento de 2.675.400€, un dos cales é o obxecto deste convenio.

A posta en valor dos territorios vitivinícolas, a mellora da comercialización e da promoción de novos produtos turísticos vinculados á enogastronomía galega, a promoción da xestión sustentable desde os destinos e a potenciación do territorio enogastronómico galego como un espazo de desenvolvemento turístico competitivo son os obxectivos arredor dos cales se vertebra este plan, cun forte contido na dixitalización e na innovación gastronómica.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELABORA A PRIMEIRA GUÍA DE CONTRATACIÓN PÚBLICA ECOLÓXICA PARA FACILITAR A INTRODUCCIÓN DE REQUIRIMENTOS AMBIENTAIS NOS SEUS CONTRATOS

- Trátase dunha ferramenta de referencia e consulta á disposición de todos os órganos da Administración galega con información práctica sobre as posibilidades para incorporar este tipo de consideracións nas distintas fases dos procedementos
- A iniciativa axuda a cumprir co establecido na Lei de residuos de Galicia de 2021 en canto ao fomento da economía circular e da compra pública sustentable, e tamén vai en consonancia co obxectivo de redución de emisións da futura Lei do clima a través da aplicación de prescricións técnicas ou condicións especiais nos contratos públicos
- Na guía recóllese un anexo con información de produtos, obras e servizos sustentables e ecolóxicos polos que poden apostar os organismos públicos nas súas licitacións

A Xunta aprobou hoxe a primeira guía de contratación pública ecolóxica en Galicia co obxectivo de facilitar e orientar os distintos órganos da Administración xeral e do sector público autonómico na introdución dunha serie de requirimentos técnicos e condicións de carácter ambiental nos seus contratos.

Elaborada pola Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, a guía pretende converterse nunha ferramenta de referencia e consulta no ámbito galego, con información útil e práctica sobre as posibilidades que hai de incorporar este tipo de consideracións nas distintas etapas dos procedementos de contratación pública, tanto de forma previa como no propio proceso e mesmo durante a fase de execución.

Cómpre subliñar que o volume total que supón o gasto público nunha comunidade como Galicia equivale a unha porcentaxe relevante do produto interior bruto, polo que do que se trata é de utilizar as licitacións que fai a Administración para conseguir un ambiente mellor, apostando pola adquisición de mercadorías, servizos e obras que teñan un impacto ambiental reducido e estean en liña coa economía verde e circular.

De feito, con esta guía contribúese a cumprir o recollido na Lei de residuos e solos contaminados de Galicia, aprobada en 2021 e que establece que a Xunta adoptará medidas orientadas ao fomento da contratación pública ecolóxica facendo especial fincapé nos aspectos relacionados co impulso da economía circular, e promoverá a contratación e a compra pública sustentables e innovadoras, así como o uso de produtos reutilizados e procedentes da valorización material de residuos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, os obxectivos do documento están en consonancia tamén cos da futura Lei do clima de Galicia, actualmente en tramitación logo de que o pasado mes de xuño o Consello da Xunta acordara someter o anteproxecto a información pública e audiencia. Neste sentido, cómpre lembrar que con esta norma se quere dar rango legal ao compromiso de Galicia de conseguir a neutralidade climática, como máis tarde no ano 2050, asumindo como prioridade de goberno todas aquelas accións destinadas a acadar unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) do 57% de aquí a 2030, en liña cos obxectivos intermedios aprobados pola Comisión Europea.

Para avanzar nesta dirección, a guía aprobada hoxe polo Consello da Xunta suporá unha importante ferramenta ao servizo de toda a Administración autonómica para lograr o cumprimento das metas e das políticas ambientais relacionadas co cambio climático, co emprego racional dos recursos e a produción e o consumo sustentables.

Unha ferramenta dinámica e en permanente revisión

O documento —que estará dispoñible en formato dixital a partir do mes de setembro— consta de dúas partes diferenciadas. Unha primeira en que se fixan os seus obxectivos e se detalla o actual marco regulador, así como as posibilidades prácticas de introducir prescricións técnicas e condicionantes de carácter ambiental nas diferentes etapas dos procedementos de contratación pública, e unha segunda que contén un anexo cunha serie de fichas nas cales se recompila información de utilidade sobre criterios de contratación ecolóxica aplicados á adquisición de determinados produtos, servizos e obras co obxectivo de que sexan máis sustentables e teñan unha menor pegada ambiental.

Entre eses criterios que buscan facilitar o labor dos organismos públicos contratantes figuran aspectos relacionados coa eficiencia enerxética, o uso de enerxías renovables, a aposta pola mobilidade e o transporte sustentable, a redución de residuos e o seu correcto tratamento e xestión, ou o uso racional dos recursos naturais, entre outros.

Ademais, as fichas organízanse en sete bloques divididos por áreas de contratación: edificios e inmobles —con criterios para contratar a iluminación e a subministración de enerxía eléctrica—; oficinas —papel, equipamentos informáticos, etc.—; mobilidade —vehículos ao servizo da Administración—; mantemento e limpeza; alimentación; organización de eventos; e outros servizos —por exemplo, adquisición de material téxtil—.

En todo caso, a guía está concibida como un instrumento vivo e dinámico, de forma que a idea é revisar e actualizar periodicamente esas fichas —mesmo introducir outras novas— para incorporar os datos máis recentes sobre materiais, novas tecnoloxías e posibles cambios legislativos que poidan resultar de interese para a Administración contratante.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ ATA O ANO 2027 UN INVESTIMENTO DE 20 M€ PARA IMPULSAR A ESTRADA INTELIXENTE

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a Estratexia de dixitalización e innovación en materia de estradas de Galicia
- Fíxanse 5 retos: rapidez e eficacia na xestión; facilitar o despregamento do vehículo autónomo, aplicación de tecnoloxías Big Data e de intelixencia artificial para gañar eficacia no mantemento das vías, xestión avanzada da seguridade viaria e formación especializada
- Promoverase a administración dixital e porase á disposición dos cidadáns a cartografía necesaria para gañar seguridade xurídica e axilizar as autorizacións, dinamizando a actividade económica
- O programa inclúe a creación dun “xemelgo dixital” de toda a rede viaria autonómica que facilite a súa xestión e a de elementos como estruturas ou muros e noiros
- Foméntanse os sistemas intelixentes de transporte e a instalación de estacións de control de capacidade con transmisión de datos en tempo real, que se comunicarán no futuro co vehículo autónomo
- Permitirá desenvolver sistemas de intelixencia artificial para o mantemento predictivo das estradas e para anticiparse aos accidentes con animais, mellorando a seguridade viaria
- A Xunta xa está a realizar probas piloto con drones para detectar con máis precisión danos nos pavimentos das estradas autonómicas
- Ademais, buscaranse no proceso solucións innovadoras que permitan evitar os atropelos de animais, un problema cada vez máis frecuente nas estradas galegas

A Xunta destinará ata o ano 2027 un investimento de 20 M€ para impulsar a estrada intelixente na rede viaria autonómica.

O Consello da Xunta aprobou hoxe a Estratexia de dixitalización e innovación en materia de estradas de Galicia, elaborada pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas e en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Esta folla de ruta recolle as actuacións necesarias para organizar de xeito eficiente a xestión da rede de estradas autonómicas, e prevé un orzamento de 20 M€, que contará co cofinanciamento do programa de Galicia Feder 2021-2027.

A Estratexia de dixitalización e innovación en materia de estradas de Galicia fixa cinco retos concretos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O primeiro é conseguir máis rapidez e eficacia na xestión, tanto para promover a optimización e innovación das infraestruturas e do transporte por estrada como para tramitar as autorizacións precisas para actuar no dominio público viario. Suporá un grande impulso técnico para aproveitar ao máximo as potencialidades das vías e unha maior axilidade no outorgamento de permisos ao cidadán.

O segundo reto que se fixa é facilitar o despregamento do vehículo autónomo; o terceiro, a aplicación de tecnoloxías Big Data e a intelixencia artificial para unha maior eficacia e eficiencia no mantemento e conservación das estradas; o cuarto reto é a xestión avanzada da seguridade viaria para a protección dos usuarios: prevención de accidentes empregando técnicas de intelixencia artificial para prever os sinistros con animais; e o quinto reto, a formación especializada.

Liñas de acción

Este programa consta de distintas liñas de acción sobre as que está previsto desenvolver a Estratexia de dixitalización e innovación en materia de estradas.

En primeiro lugar, poténciase a administración dixital, a través da tramitación electrónica, do arquivo dixital documental ou da dixitalización de expedientes. Trátase de acadar a tramitación electrónica, do principio ao fin, de todos os expedientes da Axencia Galega de Infraestruturas, coa máxima transparencia para a cidadanía. Realizarase sobre unha base cartográfica dixital en que se determinarán as actividades e construcións que é posible desenvolver en cada punto, co cal se gañará seguridade xurídica, axilidade na tramitación e, en definitiva, se contribuirá a fomentar a actividade económica.

En segundo lugar, o documento inclúe a dixitalización da estrada e o seu contorno, coa habilitación sinalada de cartografía dixital, vectorización dos elementos da estrada ou a actualización do Catálogo visual de estradas, liñas de actuacións en que xa se está a traballar. Conseguirase así dispoñer do "xemelgo dixital da estrada", unha réplica en dúas ou tres dimensións de toda a rede viaria, que poida ser empregado como base para a xestión das estradas, a elaboración de estudos ou a visualización de datos. Inclúanse nese "xemelgo" elementos como a sinalización, as barreiras ou as estruturas como obras de paso, muros ou noiros.

Outra liña de acción é a estandarización, coa dotación dun banco de prezos para a construción, conservación e explotación de estradas, prego de prescricións técnicas e actualización das instrucións de redacción dos proxectos.

A Estratexia tamén recolle os sistemas intelixentes de transporte, con medidas como a instalación de estacións de capacidade automática e con transmisión de datos en tempo real, sistemas de cálculo automatizado de vehículos ou integración de sistemas coa Dirección Xeral de Tráfico. Trátase de obter un mellor coñecemento en tempo real

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

do estado das estradas, así como do seu nivel de demanda, información que se comunicará co vehículo autónomo para facilitar o seu despregamento en Galicia.

Coa información que se obterá, dixitalizarase e analizarase, para implementar sistemas de intelixencia artificial cos que se poderá facer unha conservación predictiva das estradas, anticipándose aos problemas antes de que sucedan, o que evitará accidentes en materia de seguridade viaria. Un exemplo desta liña de actuación son as probas piloto con drons e intelixencia artificial que a Xunta está a realizar para ver se é posible, con esta ferramenta, detectar con máis precisión danos nos pavimentos das estradas autonómicas. Este sistema detecta deterioracións nos firmes a través das imaxes tomadas desde un dron, que son automaticamente procesadas e analizadas co uso da intelixencia artificial e permiten a xeración inmediata de informes do estado de conservación da vía.

No marco deste procedemento, buscarase identificar solucións innovadoras e que aproveiten os datos, a tecnoloxía e a intelixencia artificial para resolver problemas como o dos atropelos de animais, que son cada vez máis frecuentes nas estradas galegas.

A formación é outro eixe da Estratexia e posibilita que tanto o persoal da Axencia Galega de Infraestruturas como de todo o sector teña un manexo eficiente de todas as novas ferramentas de transformación dixital da estrada.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA IMPULSA UN NOVO CONVENIO COAS DENOMINACIÓNS DE ORIXE PARA REFORZAR A PROMOCIÓN INTERNACIONAL DOS VIÑOS E AUGARDENTES GALEGOS

- O acordo, asinado coa Asociación de Consellos Reguladores Vitivinícolas Galegos e das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia (Acruga), ten como obxectivo o desenvolvemento dun plan conxunto de internacionalización para intensificar a presenza nos mercados internacionais dos caldos e licores producidos en Galicia
- Cun orzamento de máis de 280.000 euros, o convenio inclúe a participación en feiras e eventos promocionais, misións comerciais, programas formativos ou o desenvolvemento de solucións de promoción dixital
- Deste xeito dáse continuidade ao acordo asinado no 2019 que permitiu a participación en feiras internacionais como as de Londres e París, e a aposta pola formación
- O Goberno galego segue a impulsar así a Estratexia de Internacionalización, contribuíndo a que Galicia acadase o ano pasado o récord histórico de exportacións con preto de 30.000 millóns en vendas ao exterior, cifra que se consolida no primeiro semestre deste exercicio en que a Comunidade se achega xa aos 15.000 millóns de euros, un 3,9% máis que no mesmo período de 2022

O Consello da Xunta coñeceu hoxe do novo convenio impulsado pola Consellería de Economía, Industria e Innovación coas denominacións de orixe para o impulso dun plan conxunto de internacionalización dos viños e augardentes de Galicia no período 2023-2025. Un acordo que busca potenciar a promoción internacional destes produtos a través da coordinación de plans de internacionalización, do desenvolvemento de solucións de promoción dixital e de programas formativos, da participación en feiras e outros eventos promocionais, así como do impulso de misións comerciais inversas.

Deste xeito, o Goberno galego, a través do Igape e en colaboración coa Asociación de Consellos Reguladores Vitivinícolas Galegos e das Indicacións Xeográficas das Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia (Acruga), reforza e intensifica a presenza nos mercados internacionais dos viños e augardentes e licores tradicionais de Galicia co obxectivo de incrementar a súa cota de exportacións.

Este esforzo, ao que agora se dá continuidade, iniciouse xa cun primeiro convenio asinado en 2019 e que permitiu levar a cabo distintas actuacións de promoción conxunta. Así, en materia de formación impulsouse o Programa superior en dirección de empresas vitivinícolas, impartido pola Galicia Business School entre outubro de 2021 e marzo de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

2022, ou o curso para a obtención da cualificación de nivel l1 da WSET (*Wine & Spirit Education Trust*), impartido pola Galicia Wine Academy.

Ademais, no que respecta á promoción, promoveuse a participación das empresas galegas en feiras internacionais como a Vinexpo & Wine Paris, a London Wine, ao tempo que se activaron novas iniciativas como o Salón dos Viños e os Augardentes de Galicia nos Países Baixos, desenvolvido en Amsterdam.

O novo convenio, que conta cun orzamento de máis de 280.000 euros, permitirá seguir optimizando recursos e actividades promocionais en apoio ás empresas e adegas das distintas denominacións de orixe de viño, augardentes e licores tradicionais de Galicia, facilitando actuacións e propostas de promoción, publicidade e presenza nos diferentes mercados internacionais. O obxectivo é presentar Galicia como zona de referencia na viticultura española e europea, resaltando as especificidades das súas diferentes denominacións respecto das condicións agroclimáticas e estruturais de produción.

A Xunta de Galicia segue así a apostar pola internacionalización do tecido produtivo galego facilitando a entrada en novos mercados. Unha aposta que se plasma na Estratexia de internacionalización da empresa galega, que inclúe entre os seus obxectivos o de lograr un significativo aumento na cantidade, na calidade e no impacto efectivo das exportacións da Comunidade.

Este esforzo conxunto permitiu que Galicia acadase rexistros históricos nas súas exportacións, case 30.000 millóns de euros en vendas ao exterior durante o ano pasado, cifras que se consolidan no primeiro semestre deste exercicio. Así, segundo os últimos datos coñecidos, a Comunidade achégase xa aos 15.000 millóns de euros en exportacións entre xaneiro e xuño, o que supón un 3,9% máis que no mesmo período de 2022.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUMENTA UN 22% AS AXUDAS AOS CONCELLOS PARA DESENVOLVER PROGRAMAS DE INCLUSIÓN SOCIAL

A orde de axudas para o período 2023-25 supera os 7,6 millóns de euros

O Consello da Xunta vén de aprobar hoxe a orde de axudas destinadas aos concellos para desenvolver programas de inclusión sociolaboral da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión. O Goberno galego pon á disposición das administracións locais máis de 7,6 millóns de euros para o período 2023-2025, o que supón un incremento dun 22% respecto á anterior convocatoria (2021-23), cun orzamento de 6,2 millóns.

Mediante estas partidas, os concellos e as mancomunidades poderán financiar actividades cos seguintes obxectivos: a adquisición de formación básica ou laboral adaptada ás necesidades dos destinatarios; a realización de actuacións de mediación intercultural ou de carácter residencial, así como para a materialización de programas de educación e apoio familiar.

No último exercicio unhas 60 entidades locais beneficiáronse desta liña de axudas, o que lles permitiu financiar máis de 200 proxectos.

Nesta nova convocatoria o prazo para cumprimentar os programas subvencionados aumenta de 22 meses a dous anos, coa intención de que os proxectos ofertados teñan unha maior seguridade e estabilidade financeira.

O que non varía respecto á anterior convocatoria é a incorporación dun programa específico de prestacións para a atención das persoas sen fogar, unha problemática para a que a Xunta de Galicia dispón dun plan coa intención de axudar a este colectivo a superar a súa situación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA E SEGURIDADE DOS CENTROS DA ÁREA SANITARIA DE SANTIAGO E BARBANZA

O orzamento para os catro anos de duración inicial desta contratación ascende a 7,5 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou, na reunión celebrada hoxe, a contratación e a prestación do servizo de vixilancia e seguridade para os centros pertencentes á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza da rede do Sergas.

Tras a súa autorización por parte do Consello da Xunta, publicarase a licitación, procederase á valoración de ofertas, adxudicación e formalización do contrato. Estímase o inicio do contrato o 1 de novembro de 2023.

A contratación, que ascende a 7.572.578 euros, realizarase mediante procedemento ordinario cunha duración de 48 meses. Tívoise en conta o incremento dos custos salariais, así como o das cotizacións da Seguridade Social e dos materiais.

Este contrato enmárcase dentro das actuacións postas en marcha pola Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde destinadas á mellora continua da calidade asistencial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO E DO GIL CASARES

O orzamento para os 2 anos de duración inicial desta contratación ascende a preto de 22 millóns e medio de euros

O Consello da Xunta autorizou, na reunión celebrada hoxe, a contratación e a prestación do servizo de limpeza do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela e do Hospital Gil Casares, pertencentes á Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza.

A contratación, que ascende a 22.426.317,20 euros, realizarase mediante procedemento ordinario cunha duración de 24 meses. O contrato vese incrementado nun 17,11% respecto do contrato actual debido ao incremento do salario do convenio colectivo do sector, a custos da Seguridade Social e á suba do IPC dos materiais usados na prestación do servizo.

Tras a súa autorización por parte do Consello da Xunta, publicarase a licitación, procederase á valoración de ofertas, adxudicación e formalización do contrato. Estímase o inicio do contrato no 1 de novembro de 2023.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E USC REFORZAN A FORMACIÓN DO GRAO EN MEDICINA COA CREACIÓN DE 10 NOVAS PRAZAS DE PROFESORADO ASOCIADO

- O novo convenio de colaboración contará cunha dotación económica superior aos 150.000 euros e estenderase durante tres cursos académicos
- As especialidades que verán optimizada a súa docencia clínica son Anestesioloxía e Reanimación, Cirurxía Plástica, Psiquiatría, Medicina Interna, Cirurxía Xeral e Dixestiva, Cirurxía Ortopédica e Traumatolóxica, Radiodiagnóstico, Cardioloxía, Nefroloxía e Reumatoloxía

O Consello da Xunta deu luz verde esta mañá á sinatura dun novo convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela para reforzar a docencia clínica do Grao de Medicina, mediante a creación de 10 novas prazas de profesor asociado. O Executivo galego apoiará a formación dos futuros facultativos cunha achega económica de 152.704,80 euros.

Durante os vindeiros tres cursos académicos, e co ánimo de acadar a máxima calidade nas actividades formativas do alumnado do 6º curso do Grao en Medicina, a Xunta dotará con novas prazas de docente asociado un total de dez especialidades médicas.

En concreto, reforzará a docencia práctica cunha praza de Anestesioloxía e Reanimación (Complexo Hospitalario Universitario de Pontevedra); unha de Cirurxía Plástica e unha Psiquiatría (Complexo Universitario Hospitalario de Vigo); unha praza de Medicina Interna e unha praza de Cirurxía Xeral e Dixestiva (Complexo Universitario Hospitalario da Coruña); unha de Cirurxía Ortopédica e Traumatolóxica (Complexo Hospitalario Universitario de Ourense) e, por último, catro prazas con destino na Área Sanitaria de Santiago de Compostela-Barbanza, nas especialidades de Radiodiagnóstico, Cardioloxía, Nefroloxía e Reumatoloxía.

O Sergas é consciente de que a participación activa dos profesionais sanitarios na docencia e práctica clínica do estudiantado de Medicina supón un estímulo importante para a súa actualización e formación continuada. Ademais, esta modalidade de ensino redundará, dun xeito paralelo, nunha mellor atención aos cidadáns da rede pública sanitaria galega.

Este novo convenio dá continuidade á liña de colaboración iniciada no ano 2020 entre ambas as entidades, na que, cun investimento de 70.000 euros, o Sergas dotou con 8 novas prazas de profesor asociado os centros hospitalarios das áreas sanitarias de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ferrol e de Pontevedra-Salnés, ademais dos centros de atención primaria da Área de Santiago-Barbanza.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA A ALIANZA CON COGAMI POR DOUS ANOS MÁIS PARA GARANTIR A FORMACIÓN E O ACCESO Á CULTURA ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- A Consellería de Cultura renova o convenio con esta entidade para pór en marcha a cuarta edición de En-Red-Arte
- Incorporáanse accións vinculadas coa creación artística en ámbitos como a cerámica ou talla de cristal e, no eido escénico, en arte circense
- Nas tres edicións anteriores desta iniciativa beneficiáronse preto de 800 persoas e está previsto que nesta nova edición sexan máis de 200 persoas máis
- Enmárcase na futura Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia

A Xunta de Galicia e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) renovarán o proxecto En-Red-Arte, unha iniciativa que cumpre a súa cuarta edición e coa que se vén facilitando o acceso á cultura das persoas con discapacidade a través de distintas accións formativas. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou o acordo de colaboración coa mencionada entidade para 2023 e 2024, con actividades que incorporan obradoiros vinculados coa creación artística en cerámica ou talla de cristal, así como técnicas de arte circense no eido escénico.

O proxecto En-Red-Arte está en marcha desde o ano 2015 con carácter bianual e está deseñado para lles proporcionar ás persoas con discapacidade a posibilidade de viviren experiencias culturais que teñan unha incidencia positiva na súa aprendizaxe. Así mesmo, preténdese incentivar entre ese colectivo o hábito de frecuentar actividades e eventos culturais. Nas tres edicións en marcha beneficiáronse 798 persoas e está previsto que ao abeiro desta colaboración poidan participar unha media dunhas 200 persoas máis.

O convenio autorizado hoxe inclúe o apoio económico da Xunta de Galicia con 25.000 euros para que Cogami leve en marcha accións formativas de artes escénicas, escritura creativa e creación artística. En concreto, inclúense obradoiros de expresión corporal para facilitar que os participantes coñezan as técnicas para comunicar a través do corpo e o movemento, así como obradoiros de arte circense, incluíndo malabares, mimo ou clown. Tamén se celebrarán accións de escritura creativa e concurso de relatos e, no eido da creación artística, haberá obradoiros de cerámica, esmaltado en frío, tallado de cristal e estampaxe en pezas de roupa.

A colaboración da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades con Cogami enmárcase nos obxectivos da futura Lei de cultura inclusiva e accesible de Galicia, unha normativa pioneira en España cuxo anteproxecto está actualmente na fase final antes da súa remisión ao Parlamento de Galicia. A lei abarca as dúas direccións de relación das

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

persoas coa cultura: tanto a vertente creativa e xeradora de produtos e servizos culturais como a vertente de acceso e consumo aos mesmos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 745.000 € CON CARGO AO 0,7% DO IRPF A APOIAR PROGRAMAS DE ENTIDADES SOCIAIS PARA PROMOVER A IGUALDADE E LOITAR CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- O Goberno galego avalará iniciativas que se desenvolverán entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024 dirixidas a mulleres en situación de especial vulnerabilidade
- Entre outras accións, financiaranse programas de atención, asesoramento, formación, conciliación e tratamento da saúde deste colectivo
- A Secretaría Xeral da Igualdade concedeu máis de 3 millóns de euros desde 2018 ata 2022 para financiar 161 programas

O Consello da Xunta aprobou hoxe destinar 744.250 euros, con cargo ao 0,7% do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) correspondente á Comunidade, a apoiar programas de entidades sociais para impulsar o liderado da muller, o apoio ás mulleres en situación de especial vulnerabilidade e a loita contra a violencia de xénero.

A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, financiará con esta actuación iniciativas das entidades sociais que teñan por beneficiarias mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade: vítimas da violencia de xénero ou doutras violencias, mulleres en situación de explotación sexual-laboral ou de trata de persoas, inmigrantes, refuxiadas, reclusas, mulleres de minorías étnicas, etc.

Así, outorgarase apoio a accións de aloxamento, acollemento, atención e asesoramento, formación e información para o liderado da muller, e a propostas que incidan na conciliación. Tamén serán susceptibles de recibir financiamento os programas de tratamento integral de vítimas da violencia de xénero, as propostas que incidan na protección e seguridade das vítimas da violencia de xénero e das súas familias, así como no tratamento integral da saúde das mulleres, sobre todo no eido da sexualidade.

As entidades que resulten beneficiarias recibirán o apoio económico mediante anticipos este 2023 aínda que o período para desenvolver os seus programas abranguerá do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2024. A convocatoria está financiada con cargo á asignación tributaria do 0,7% do IRPF dos orzamentos do Estado que corresponden á Comunidade galega.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nos últimos cinco anos (2018, 2019, 2020, 2021 e 2022), a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinou máis de 3 millóns de euros no marco desta convocatoria a financiar un total de 161 programas de interese xeral das entidades beneficiarias. O ano pasado, os cartos chegaron a 39 iniciativas, o maior número ata o de agora, que recibiron máis de 743.000 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DE GALICIA DUPLICA ATA OS 6 M€ O PROGRAMA DE FORMACIÓN DUAL EN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO PARA A INSERCIÓN LABORAL DE 100 PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade prevé que nesta segunda edición da iniciativa participen dez centros especiais de emprego
- O proxecto alterna durante tres anos emprego e formación, que debe estar enfocada a obter os certificados de profesionalidade relacionados co oficio ou posto de traballo do contrato laboral
- Na primeira convocatoria participaron 60 persoas con discapacidade intelectual que se cualificaron e traballaron en seis centros especiais de emprego
- O Goberno galego ten en marcha o Plan emprego discapacidade-exclusión social cun investimento de máis de 44,4 millóns de euros para fomentar a formación e contratación dunhas 6.000 persoas

O Consello da Xunta autorizou hoxe a convocatoria da segunda edición do programa de formación dual en centros especiais de emprego dirixido á cualificación e á integración no mercado de traballo de persoas con discapacidade intelectual. A Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade duplica o investimento da iniciativa ata os 6 millóns de euros para ampliar o número de persoas beneficiarias. Así, prevé que un cento de persoas con discapacidade poidan ao longo de tres anos, ata 2026, combinar formación cun posto de traballo nun centro especial de emprego.

A previsión é que se adhiran ao programa dez centros especiais, catro máis que na primeira edición, que deberán estar inscritos no rexistro administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia e cualificados como centros sen ánimo de lucro que contén, cando menos, con dez traballadores, dos cales un mínimo do 30% deben ter discapacidade intelectual.

Os beneficiarios do programa, que se convocará nas vindeiras semanas no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), terán que estar inscritos como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e carecer de cualificación profesional. De feito, a formación que se ofrezca terá que estar enfocada a obter os certificados de profesionalidade relacionados co oficio ou posto de traballo que se desenvolva no centro especial de emprego. O plan formativo, ademais, poderá recoller actividades complementarias ou especialidades dirixidas a obter carnés profesionais, cando se requiran para o oficio ou posto de traballo previsto. A cualificación realizarase de xeito presencial mediante itinerarios formativos adaptados e estables de tres anos de duración.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O fin último é lograr que os participantes poidan obter despois un contrato de traballo nunha empresa. De feito, na actualidade está en marcha a fase final da primeira edición deste programa, que consiste en axudar a atopar un traballo nunha empresa ás 60 persoas con discapacidade intelectual que combinaron durante 36 meses formación e un emprego en seis centros especiais.

Con esta iniciativa, a Xunta de Galicia financia o custo salarial das persoas alumnas-traballadoras con discapacidade intelectual, do persoal de apoio e de acompañamento que sexa necesario e a actividade formativa.

A Xunta de Galicia está a apostar pola integración laboral das persoas con discapacidade no sistema produtivo e, por iso, ten en marcha este ano unha nova edición do Plan emprego discapacidade-exclusión social, con máis de 44,4 millóns de euros, para favorecer o acceso a un posto de traballo das persoas con máis dificultades para atopar un emprego. Esta actuación inclúe ata oito programas cos que se pretende favorecer a contratación e a formación dunhas 6.000 persoas. É unha prioridade do Goberno galego a aposta polo emprego inclusivo e en igualdade de condicións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA PON EN VALOR UN PROXECTO PIONEIRO ENTRE XUNTA E CÁRITAS GALICIA PARA FORMAR A PERSOAS INMIGRANTES EN SITUACIÓN IRREGULAR EN SECTORES CON DEMANDA LABORAL

- Salienta que o obxectivo é que poidan obter unha autorización de residencia e de traballo, ao tempo que se contribúe a facer fronte á escaseza de man de obra en certos sectores do mercado laboral
- O Consello da Xunta autorizou a sinatura do convenio ao que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinará case 400.000 euros, co convencemento de que o emprego abre as portas do benestar e potencia a integración destas persoas
- Cáritas Federadas en Galicia porá á disposición os recursos humanos e materiais precisos para a execución do programa, mentres a Xunta facilitará información relativa a ofertas de traballo non cubertas e aos perfís profesionais máis demandados

O presidente da Goberno, Alfonso Rueda, puxo en valor a autorización hoxe polo Consello da Xunta dun convenio de colaboración entre a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e Cáritas Federadas en Galicia para o desenvolvemento dun proxecto piloto de arraigamento para a formación de persoas inmigrantes en situación irregular en sectores nos que precisan man de obra, "polo que vai facilitar que atopen neles un posto de traballo".

O mandatario galego salientou que se trata dunha iniciativa pioneira que persegue un "obxectivo dobre"; que estas persoas poidan obter unha autorización de residencia e de traballo que facilite a súa integración sociolaboral e a regularización da súa situación, ao tempo que se contribúe tamén a facer fronte á escaseza de persoal en certos sectores do mercado laboral con "serios problemas" para atopar man de obra.

Neste senso, explicou que só por participar neste programa de arraigamento para a formación, as persoas participantes poderán solicitar a autorización de residencia. E, unha vez finalizada a formación, e presentado un contrato poderán pedir a autorización de residencia e traballo.

Rueda precisou que poderán beneficiarse persoas en situación irregular en España, cunha permanencia mínima de dous anos no país, sen antecedentes penais. Tamén avanzou que a Xunta investirá preto de 400.000 euros neste programa e no que se

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

prevé que este ano participen inicialmente “entre 65 e 70” persoas inmigrantes en situación irregular.

O acordo formalizarase tras a entrada en vigor o ano pasado do real decreto polo que se modificou o Regulamento da Lei orgánica sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e a súa integración social, co que tamén entrou en vigor a nova figura do arraigo para a formación. Deste xeito, aquelas persoas que residan en España en situación irregular e cumpran un compromiso efectivo de formación poderán obter unha autorización de residencia.

Desenvolvemento do convenio

O proxecto piloto está integrado por un itinerario de arraigo para a formación que arrancará coa captación de potenciais persoas participantes, coa prospección empresarial para determinar ámbitos de formación con maiores posibilidades de inserción laboral e coa selección das persoas beneficiarias. Posteriormente, elaboraranse itinerarios individualizados de arraigo para a formación nos cales deberán incluírse accións de diagnose, deseño, seguimento e acompañamento, así como accións de adquisición e/ou fortalecemento das capacidades para o acceso e a permanencia no mercado laboral.

Seguidamente, o proxecto piloto inclúe a formación capacitante para obter a autorización de arraigo para a formación tendo en conta os resultados da prospección empresarial, a inserción laboral das persoas participantes, que deberá ser a través dun contrato de traballo relacionado coa familia profesional da formación recibida e acreditada no arraigo para a formación e, por último, o acompañamento e seguimento individualizado durante todo o proceso de arraigo para a formación, incluída a fase de inserción laboral.

No marco do convenio, a entidade Cáritas Federadas en Galicia comprométese a desenvolver todas as accións e funcións descritas e a poñer á disposición os recursos humanos e materiais precisos para a súa execución. Pola súa banda, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, alén de achegar preto de 400.000 euros para o obxecto do acordo, comprométese a facilitar a información de que dispoña relativa a ofertas de traballo non cubertas e aos perfís profesionais máis demandados.

Compromiso da Xunta

No eido da formación, a iniciativa enmárcase nos programas levados a cabo pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, nomeadamente a través da Dirección Xeral de Formación para o Emprego e Orientación, co fin de impulsar a formación de cara á consecución dun traballo estable e de calidade e, ao tempo, cubrir as vacantes existentes no mercado laboral.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En referencia a novos traballadores procedentes do exterior, cómpre mencionar a Estratexia Galicia Retorna 2023-2026, na cal se enmarca a Estratexia Cualifica Retorna, que favorecerá o regreso de centos de galegos cun contrato de traballo indefinido buscando conectar as vacantes laborais con perfís altamente cualificados doutros países.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DECLARA AMBIENTALMENTE VIABLE O PXOM DE VIGO

- Destaca que emite un informe favorable tan só seis días despois de que o Concello lle remitise a documentación necesaria para analizar o expediente
- Asegura que “desde o principio” o Goberno galego “fixo todo o posible” para que Vigo teña un novo plan xeral acortando “ao máximo” os prazos administrativos que dependen do Executivo autonómico
- O instrumento de ordenación supera deste xeito o último trámite necesario para que o pleno municipal de Vigo poida proceder a aprobalo de forma provisional

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico acaba de declarar ambientalmente viable o novo Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) de Vigo e faino, ademais, tan só seis días despois de que o Concello lle remitira a documentación completa e necesaria para poder analizar o expediente. O titular do Executivo asegurou que contar con este planeamento é algo “moi importante para as persoas que viven e traballan en Vigo, a primeira cidade de Galicia”.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda formulou hoxe a declaración ambiental favorable do documento urbanístico, que empezou a tramitar o Concello de Vigo a raíz da anulación por parte da Xustiza do planeamento aprobado no ano 2008. “Desde o principio, a Xunta fixo todo o posible para que o Concello de Vigo teña un PXOM adaptado á legalidade”, indicou o presidente, quen asegurou que se acortaron “ao máximo os prazos administrativos que dependen da Xunta”.

Tal e como explicou na rolda de prensa tras o Consello, o novo instrumento de ordenación de Vigo supera deste xeito o último trámite necesario “antes de que o Concello poida aprobalo de forma provisional”. Na Declaración Ambiental Estratégica pola que se resolve a viabilidade do PXOM se solicita tamén á subsanación de certas cuestións de tipo documental, unha serie de eivas detectadas pola Xunta que deberá ter en conta o Concello de Vigo no documento pero isto non impide a súa inmediata aprobación.

Así, unha vez superada a avaliación ambiental ante a Xunta, corresponde a continuación ao Concello de Vigo a realización dos trámites oportunos de cara a proceder á aprobación provisional do documento, unha aprobación que deberá producirse este mesmo mes de setembro para evitar a caducidade do instrumento provisional polo que se rexe o urbanismo da cidade desde xullo do ano 2019.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Deste xeito, o Goberno galego volve cumprir en tempo e forma coa parte da tramitación do PXOM de Vigo que é da súa competencia, reducindo os prazos ao mínimo co fin de garantir que a veciñanza e o tecido empresarial da cidade poidan contar cun novo e completo plan xeral canto antes. De feito, no caso da Declaración Ambiental Estratéxica emitida hoxe, o departamento autonómico competente tardou seis días en resolver desde que a documentación remitida polo Concello estivo completa, cando o prazo establecido na Lei do solo é de ata dous meses.

Esta non é a primeira vez que a Xunta demostra o seu compromiso e axilidade coa tramitación do novo PXOM de Vigo co fin de dotar á cidade máis grande de Galicia dun novo instrumento de ordenación á altura das súas necesidades e expectativas.

Así, cómpre lembrar que no ano 2017 o Goberno galego regulou por lei as medidas provisionais de ordenación urbanística para dotar de certeza e seguridade xurídica aos concellos, á cidadanía e aos operadores neste eido en caso de anulación do planeamento urbanístico, un cambio normativo que amparou a aprobación do Instrumento de ordenación provisional de Vigo, vixente nestes momentos.

Ademais, ao longo de toda a tramitación do novo PXOM vigués os distintos organismos e departamentos autonómicos consultados nunca superaron o prazo legal de tres meses para emitir os seus informes e a Xunta mantivo sempre a súa disposición a colaborar tanto técnica como economicamente co equipo municipal responsable da súa elaboración e tramitación.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA APLICARÁ A INTELIXENCIA ARTIFICIAL Á ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA DIXITAL PARA MELLORAR O ÉXITO ESCOLAR E CREAR UN EXPEDIENTE ACADÉMICO ÚNICO

- Lanza EdugallA, un proxecto “pioneiro e innovador” que situará a Galicia á vangarda neste eido
- Asegura que un dos obxectivos é implementar un sistema que permita analizar os datos do alumnado e o efecto dos diferentes programas educativos sobre o éxito escolar para reducir o fracaso escolar ou deseñar itinerarios formativos personalizados
- Os estudantes e as súas familias poderán acceder a unha ficha única con toda a súa información ao longo da vida académica, incluídos, de ser o caso, os datos laborais
- Tamén se creará un portelo único de comunicación da comunidade educativa para orientación en itinerarios académicos, solicitudes de bolsas...
- Lánzase unha consulta previa ao mercado mediante o proceso de compra pública de innovación para que as empresas tecnolóxicas presenten os recursos para facer realidade o proxecto

O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno autonómico vai aplicar as vantaxes da intelixencia artificial á Administración educativa dixital para mellorar a toma de decisións de cara ao éxito escolar, crear un expediente académico único e habilitar un portelo único de comunicación da comunidade educativa. “Será a través do proxecto EdugallA, un programa pioneiro e moi innovador xa que non se ten feito en ningunha outra comunidade autónoma”, explicou.

Para o desenvolvemento deste proxecto cómpre dar resposta a retos para os que aínda non existe unha solución no mercado tecnolóxico. Por iso, tal e como explicou Rueda a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades ten previsto lanzar mañá unha consulta previa ao mercado mediante o proceso de compra pública de innovación, co fin de que as empresas tecnolóxicas amosen os recursos de que dispoñen para facer realidade este proxecto. “Trátase do sistema de contratación pública que permite mercar ou adaptar ás necesidades do cliente, neste caso a Xunta de Galicia, produtos que aínda non están no mercado” ou deseñar solucións para desenvolver un proxecto concreto, explicou o presidente.

Prevese que EdugallA teña unha fase inicial de desenvolvemento e proba no período 2024-2027, seguida dun proceso de avaliación de resultados e posible despregamento progresivo de solucións a partir do ano 2028.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A maiores, o Goberno galego traballa, así mesmo, para que este proxecto obteña o financiamento que requiren este tipo de iniciativas mediante o Programa plurirrexional España Feder para o período 2021-2027.

Estratexia Edudixital 2030

A iniciativa entronca directamente coa Estratexia de educación dixital de Galicia, Edudixital 2030 e, en concreto, cun dos seus obxectivos básicos: o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento.

Neste sentido, a estratexia inclúe unha ducia de accións de impacto, entre elas o avance na Administración educativa dixital, implementando sistemas de xestión e explotación de datos que permitan tomar decisións con base en información de calidade.

EduGallIA desenvolverase a través de tres ámbitos de actuación, o primeiro deles a gobernanza, o segundo a creación dun expediente único académico, e o terceiro a habilitación dun punto único de contacto entre a comunidade educativa.

Gobernanza

No eido da gobernanza, habilitarase un novo modelo de Administración educativa dixital que permita integrar e consolidar de forma fiable información procedente de múltiples fontes e formatos. Deste xeito, poderase analizar a información de cada alumno e contrastala cos programas educativos da consellería en que participou, aplicando algoritmos avanzados de análise da información para avaliar os factores que inciden no abandono temperán e fracaso escolar, entre outras cuestións.

Outra das súas principais funcións será a de analizar a vulnerabilidade da contorna de cada centro educativo para priorizar os recursos de atención de necesidades específicas de apoio educativo e optimizar a distribución de recursos orientados á súa atención.

O obxectivo nesta vertente é que os xestores do sistema poidan analizar a súa evolución tanto de forma global como a nivel de centro educativo e programa implantado, permitindo a toma de decisións baseadas en evidencias e datos personalizados de calidade. Farase fincapé nas familias e centros educativos especialmente vulnerables.

Expediente único

O segundo ámbito ten como finalidade poñer á disposición do alumnado e das súas familias para consulta un expediente dixital do alumnado. "Agora non existe. Se un alumno cambia varias veces de centro terá un expediente en cada un", indicou Rueda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este documento será susceptible de integrar información relevante no nivel académico e laboral procedente de diferentes administracións públicas vinculado á identidade dixital dos alumnos e, nalgunhas etapas educativas, dos seus titores e das súas titoras.

Incluirá datos de identificación, de escolarización, académicos, sobre atención a necesidades específicas de apoio educativo, outros datos educativos e de formación relevantes e metadatos do expediente.

O obxectivo é que este expediente acompañe ao longo do seu tránsito polo sistema educativo na súa relación cos diferentes centros e administracións e que sexa accesible desde calquera lugar en calquera momento.

Punto único de contacto

Finalmente, a través de EdugallA "crearase un espazo único para a comunicación entre alumnos e familias e os centros ou a administración educativa", indicou o presidente.

O obxectivo é dispoñer dun sistema co que o alumnado e os seus titores poidan interactuar arredor de aspectos vinculados coa súa relación coa consellería, como dúbidas sobre procedementos administrativos no ámbito educativo, asistencia á toma de decisións académicas e orientación en procedementos administrativos como a solicitude de bolsas ou a admisión de alumnado.

Todo o sistema estará deseñado baixo parámetros adecuados de protección de datos, xestión de permisos, consentimentos de cesión de información e privacidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 200.000 EUROS NO PLAN DE CONTROL DA VENDIMA EN COORDINACIÓN COS CONSELLOS REGULADORES VITIVINÍCOLAS

- O principal obxectivo deste proxecto é preservar a calidade dos viños da nosa comunidade
- Para este control cóntase cun equipo formado por un total de 18 persoas, grupo composto por tres enxeñeiros agrónomos e 15 inspectores de campo
- No ano 2022, os inspectores realizaron o control sobre 3.400 parcelas, que corresponden a un total de 200 viticultores das diferentes denominacións

A Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dependente da Consellería do Medio Rural, pon en marcha por quinto ano consecutivo os controis na vendima para asegurar e preservar a calidade dos viños das denominacións de orixe (DO). Este é un plan propio da Xunta, ao que se destinan preto de 200.000 euros, e que ten como principal obxectivo evitar situacións fraudulentas que se poidan producir desvirtuando o sistema xeral de control de calidade diferenciada dos viños galegos con selo de calidade.

O Plan de control da vendima 2023 conta cun equipo formado por 18 persoas, das cales 15 son inspectores de campo e tres son enxeñeiros agrónomos. Este programa púxose en marcha en coordinación con todos os consellos reguladores de cada unha das denominacións de orixe (Rías Baixas, Ribeiro, Valdeorras, Ribeira Sacra e Monterrei).

No ano 2022 os inspectores realizaron o control sobre 3.400 parcelas, que corresponden a un total de 200 viticultores das diferentes denominacións. Durante a presente campaña realizaranse os mesmos controis que nas anteriores. Así, faranse inspeccións a viticultores, adegas, transporte (verificación de cargas e descargas), controis de centros de aprovisionamento, controis de capacidade e vixilancias nocturnas e diúrnas.

Entrada da uva nas adegas

Unha parte moi importante do control lévase a cabo durante a vendima co fin de verificar a entrada da uva nas adegas, a súa procedencia e a produción máxima que establece cada prego de condicións para as distintas variedades de uva de cada DO. Tamén se estimará a posible colleita para así ter información detallada e poder cotexar coa produción real que se entrega na adega.

Así mesmo, realizaranse controis terrestres de uva nas proximidades das adegas e nas vías de comunicación na contorna das parcelas de vendima. Tamén se controlarán os centros de aprovisionamento ou postos de compra-venda de uva que poidan existir no ámbito xeográfico de actuación, para garantir que estean dados de alta no respectivo

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

consello regulador. Unha vez rematado o período de inspeccións, cos datos recollidos realizaranse informes técnicos, estudos estatísticos e comparativas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

